/XianaArias/AnaSalgado/OrianaMendez/SabelaPato/RoberBass&Leo/RoiVidal/

14.05.2009 20h/xiana arias/bailo sempre igual de mal/ A escrita coma unha forquita e comprender para transformar. As ganas de rematar cas náuseas do teatro. O que ruxe por baixo do que facemos e mirar polos furados. O que intentei nos versos de Acusación dos que me propoño falarvos. Cando non sei qué dicir, cito. Falareivos dun libro de notas que dá conta de que por máis que fose contra min e dende o fondo son outros versos os que mellor me acusan.

21.05.2009 20h/ana salgado/pedra e carniza intelixente/ A partir destas palabras que lemos en Contra maquieiro e dunha das liña proposta para este ciclo, "un singular-plural que atende a todos cantos modos de escrita son no mundo" enfiarase unha achega á poesía de vontade comunal feita nas últimas décadas. Tratarase de pór de relevo os intentos de problematizar algunhas nocións entre as que están identidade, nación, intimidade, clase, xénero ou dominación.

28.05.2009 20h/oriana mendez/a blogosfera e a pluriarquia. que posibilidades?/ Partindo da noción de "identidades relacionais", tratarei de caracterizar a estrutura da blogosfera e provocar, así, a conversa sobre as capacidades que estas redes sociais (blogs) posúen á hora de repercutir ou influenciar no ámbito do pensamento e da acción política. É a blogosfera un novo espazo público ou unha extensión do que xa existía? É unha refundación da Democracia?

04.06.2009 20h/sabela pato/a domadora/ Imos partir dun elemento central na escrita da arte contemporánea, o artefacto. Polo camiño, perderemos a noción de obra en tanto que unidade ou complexo de sentido e caeremos no disparatado. Presentareivos á domadora e descenderemos das peanas da arte ao lugar dos obxectos comúns: alí onde nós habitamos, alí onde sempre acabamos por constatar o paradoxo, pois alén dos reclamos de claridade e de facilidade, as nosas vidas abísmanse en múltiples intersticios. Acompañarannos Alicia e a eiruga, a voz de Duras e mesmo pode que Quintana.

11.06.2009 20h/rober bass & leo/coma un can sen dono: escrita curricular/ Conferencia performance a modo de "profesora de francés que toca o piano" Rober Bass e Leo atópanse nunha autovía -os dous están abandonados- e deciden comezar unha nova vida xuntos, mais para elo deberán escribir o seu currículo para atopar traballo. Eles non saben vender a súa forza de traballo, son inútiles, superfluos e proletarios. Soamente pretenden conseguir cartos para facer o único, bailar. Bailar como lobas.

18.06.2009 20h/roi vidal/de corpos e de palabras.tendencias escénicas para o SXXI/ Tratarei de investigar cales son as características que definen a estética contemporánea no teatro occidental e como esta estética ten ou non repercusión aceptación e seguimento nas compañáis e públicos do sistema teatral galego.

ESCRITA(S)

textos e superficies

GALERÍA SARGADELOS A CORUÑA · Rua Real 56 · T 981222604 · **www.sargadelos.com**